

Onte espertei soñando

IRIA NOVÁS GÁNDARA E LAURA PASCUAL BLACH (1º ESO A)

- Recordo... - dixo a miña avoa - recordo cando eu era unha nena e esta illa, anteriormente coñecida como Lúa, combateu contra Guerra.

- ¿Guerra?¿Lúa? -preguntamos a dúo moi confusas a miña irmá e mais eu - ¿Onde está Guerra, avoa?

Á miña avoa deulle a risa e nós non entendiamos nada.

- Avoa, ¿por que ris?- pregunteille.

- Perdoade, tedes razón. Esquecérame de que vós aínda non nacerades cando isto sucedeu. Guerra- empezou a explicar ela- era como se chamaba Estrela antes de que loitáramos.

- ¡Ah! Agora o entendo - gritou pegando un brinco a miña irmá.

- Avoa, avoa, cóntanos a historia de como foi aquela loita contra Guerra - pedinlle á miña avoa, xa que sempre as súas historias resultaban realmente entretidas.

- O certo é que agora é a hora de durmir, mañá veño e cóntovola - respondeu ela.

- ''¡Porfa!'' , ''¡Porfis!'' - rogueille a ela mentres poñía cariñas.

- Mmmm... Está ben, contareivos a historia pero metédevos na cama e así xa vos durmides- dixo ela despois de verse convencida polos meus métodos de cariñas de pena.

- Fai moitos, moitos anos - comezou - había un lugar chamado Lúa. Aquel lugar era fermoso, tiña praias de areas finas e brancas, cun posto de vixilancia, aínda que nunca ocorreu nada pero alí estaba, por precaución. Abundaban cangrexos, peixes, e algún que outro mosquito que de vez en cando picaba aos veraneantes.

- Tamén tiña casas cuns xardíns inmensos - continuou - e rañaceos cunhas vistas impresionantes. Naquela illa non había fábricas, todo era moi natural. Os catro encoros que había en toda a illa proporcionábanos a enerxía necesaria e ademais era ecolóxica. Como non había industrias viviamos da agricultura, da pesca e da gandeiría, por iso todos medrabamos sans e fortes. Pero o mellor de todo eran os veciños; persoas amables e educadas en todas as situacións. Sempre pensaban en ti antes ca neles mesmos. Eramos xente solidaria. Vestiamos sempre con cores alegres: azul ceo, rosa fucsia, amarelo, vermello, verde, etc.

-Lúa era veciña doutra illa chamada Guerra. Guerra era todo o contrario de Lúa. Non tiña fauna, nin xardíns. Había bosques pero algúns estaban queimados polo lume, outros contaminados e o resto moi explotados. Abundaban os edificios altos e feos, descoidados e tristes. Tamén había praias que semellaban vertedoiros. Os seus habitantes viaxaban en coches e camións vellos e contaminantes. Eran moi maleducados, sempre ían con présa a todos os lados. Ao contrario que en Lúa vestían roupas de cores apagadas. Era unha illa triste e gris, absolutamente industrial.

- Non podedes imaxinar o porcas que estaban as rúas, o turbias que estaban as augas e o ceo era tan negro que sempre parecía de noite. Como dixen antes, os bosques alí eran escasos pero os gobernantes de Guerra querían ter máis árbores para vender e producir, iveña a producir sen ton nin son!. Xa que eles acabaran cos seus, non se lles ocorreu nada mellor que convocar unha reunión co fin de idear un plan para roubarlles algunhas árbores ós seus veciños de Lúa.

Este conto, como todos os que contaba a nosa avoa, cada vez facíase moito máis interesantes...

- O que eles non se imaxinaban é que a un neno da illa de Lúa lle dera por ir visitar ese día aquela illa e, casualmente, escoitouno todo. O neno colleu a súa barquiña e remou sen parar para alertar aos seus veciños de Lúa dos malévolo plans dos habitantes de Guerra.

- Os habitantes de Lúa cando o souberon non tardaron moito en ir pedirlle explicacións aos representantes de Guerra.

Ninguén estaba de acordo, todos crían que tiñan a razón e isto non podía quedar así, de modo que á primeira hora do día seguinte acordaron comezar unha batalla.

Para defender as súas illas, Lúa loitaría con canóns e pistolas, si canóns, e tamén pistolas, pero non vaiades crer que era calquera canón ou calquera pistola, non, aqueles artefactos non disparaban bombas e balas, disparaban flores e palabras bonitas como: Amor, Amigo, Alegría, Fermosura ou Amizade e disparábanas con maiúscula porque son palabras moi importantes.

Os habitantes de Guerra tamén disparaban con canóns e pistolas, pero tampouco disparaban bombas nin balas e moito menos flores e palabras bonitas senón todo o contrario. Eles disparaban plantas podres, insultos ou desprezos como: Odio, Inimigo ou Noxo.

Chegou a hora. Oíuse un disparo...¡A loita acababa de empezar!. Aquilo converteuse nunha batalla campal. Parecía que nunca ía rematar. Despois dun mes enteiro sen poder pegar ollo, eu non aguantaba máis aqueles ruídos brutais. Un día, para sorpresa de todos, collín a barca do meu pai, remei ata situarme no medio das dúas illas e, a risco de que me mataran gritei con todas as miñas forzas:

-¡¡¡Basta xaaaaaa!!!

De súpeto, pararon todos. Hei de recoñecer que tiña e teño moi bos pulmóns.

Todo o mundo quedou mirando para min con cara de asombro. Eu tamén quedei asustada do poderío que tiña o meu grito. Non o podía crer. Entón recordei que non había máis dunha semana, entre os estrondos e o rebumbio da contenda, deume por escribir unha poesía que casualmente gardaba no peto do pantalón que levaba posto ese día. Pensei que sería boa idea lela alí mesmo. Non tiña nada que perder. Talvez conseguiría parar esa pelexa recitándoa a berros para facerme escoitar ou simplemente conseguiría quedar afónica. Pero ¿que outra solución tiña?. Moi decidida comecei a recitar:

"Onte espertei soñando
algo que non olvidarei,
vin unha estrela saltando
e outra estrela correr.
As dúas estaban contentas
non eran dúas que eran dez,
eran vinte, eran cen,
o ceo enteiro á vez.
Estaban todas alegres
mais eu non sabía por que,
e despois de contemplalas
entre tal algarabía,
a unha delas preguntei:
¿Que celebrades no ceo?,
¿Por que saltades?¿Por que?
¿Por que brillades máis ca nunca?
¡Decídeme por que!¿Por que?
E esa mesma estrela sorrindo
e sen deixar de saltar
respondeu a miña pregunta
e díxome sen me marear:
¡Celebramos a Gran Festa,
a Gran Festa da Paz!
Onte espertei soñando
algo que non olvidarei,
¡Que pena que fose un soño
aquilo que eu soñei!

Recitei con ganas e sentimento, como nunca o fixera antes. Cando rematei quedamos todos en silencio sen saber que dicir. De súpeto a miña nai comezou a aplaudir como unha tola. Seguirona todos os habitantes de Lúa e, aínda que non o creades, tamén os de Guerra.

Eu fixen unha reverencia para agradecer os aplausos e preguntei, esperando unha resposta razoable:

- Pensádeo ben, ¿por que vos pelexades?

- Porque eles querían roubar as nosas árbores - respondeu un da miña illa.

- ¿E ese é motivo para comezar unha guerra? - a ver se así o entendían. - Eu penso que deberíamos deixar a un lado as nosas diferenzas e firmar a PAZ para sempre.

- A nena ten razón - dixo o mesmo de antes.

- Eu estou de acordo - dixo outro.

- E eu - dixo un da illa de Guerra.

E así seguiron, un tras doutro, todo o resto. Foi moi emocionante. Aínda choro cando o recordo.

E por fin, como todos estabamos de acordo, firmamos a PAZ. E ese día foi o día en que Lúa pasou a chamarse Paz e en que Guerra cambiou o seu nome por Estrela.

Aínda agora se fala dese día, o 30 de xaneiro:

O Día Internacional da Paz